981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Terceiro:** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello de Lousame deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación puntual definitivamente, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento Urbanístico, aos efectos da súa entrada en vigor.

A dita publicación tivo lugar no BOP núm. 27 do 09.02.2022.

***Fundamentación Xurídica:***

**Primeira:** Unha vez que entrou en vigor a modificación puntual núm. 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, cada vez que é preciso consultar e aplicar a normativa urbanística municipal, faise preciso examinar dous textos normativos:

- O Plan Xeral de Ordenación Municipal, na súa redacción orixinal.
- A modificación puntual núm. 1.

**Segundo:** O manexo dos dous textos normativos dificulta, tanto interna como externamente, esas accións de consulta e aplicación da normativa urbanística municipal, polo que se considera oportuno aprobar un texto que refunda a redacción orixinal do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións operadas tras a aprobación da modificación puntual núm. 1 do PXOM.

**Terceiro:** Unha vez redactado o texto refundido, o Arquitecto Municipal emite informe, en data de 21.03.2022, no que sinala:



*"Que a O DOCUMENTO REFUNDIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM do Concello de Lousame é conforme coa lexislación vixente e correspóndese fielmente co documento da aprobación publicado no BOP de data MÉRCORES, 9 DE FEBREIRO DE 2022 e co texto non modificado do PXOM sen modificar"*

En virtude da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, este Pleno Corporativo

**ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente o Texto Refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións operadas tras a entrada en vigor da modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame. O dito texto refundido contense no documento técnico asinado polo Arquitecto Técnico Municipal o día 21.03.2022 e incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145.

**Segundo:** Expoñer o dito texto refundido ao público durante un período de 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica. O documento técnico será publicado na sede electrónica municipal para a súa consulta por calquera interesado.

**Terceiro:** Se durante o período de información pública, non constase presentada ningún tipo de emenda ou observación, o acordo provisional será elevado a definitivo. No caso de existir emendas ou observacións, serán resoltas polo Pleno Corporativo, con carácter previo á aprobación definitiva.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Cuarto:** A aprobación definitiva do Texto Refundido, expresa ou tácita, será publicada no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal. A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Texto Refundido quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación.

*Lousame, na data da sinatura dixital.*

*A Alcaldía, Mª Teresa Villaverde Pais*

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos:

***Antecedentes Administrativos:***

**Primeiro:** Logo da tramitación municipal oportuna, por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 16.12.2021, prestouse aprobación definitiva á modificación puntual núm. 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lousame, con suxeición ás observacións formuladas no punto III.2 e cuxa publicación tivo lugar no Diario Oficial de Galicia núm. 251 do 31.12.2021.



O punto III.2 da Orde do 16.12.2021 preceptúa:

*"III. Análise e consideracións.*

(...)

2. Porén, cómpre formular as seguintes observacións:

a) Segue a manterse a referencia no artigo 3.4.1.3, punto 4º, á introdución do uso residencial no sistema xeral de equipamento, e non resulta posible dentro do uso dotacional de equipamento (punto 3 do anexo I do RLSG).

b) Nas ordenanzas de solo de núcleo rural segue a introducirse un tratamento das explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes en 1 de xaneiro de 2003 consistente na reprodución substancial, sen citala, da disposición transitoria 11 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, hoxe derrogada. O réxime aplicable é o dado pola disposición transitoria 3ª do RLSG.

c) No artigo 3.3.1, punto 5º, introdúcese a posibilidade de implantar en planta de soto usos comerciais sen computar edificabilidade, o que non se corresponde co establecido no artigo 41.4.a), LSG e 64.5.a) do RLSG, que resultan, en todo caso, de aplicación."

**Segundo:** Con data do 17.01.2022 a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo resolveu ordenar a inscrición da modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Lousame, no

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co número de rexistro ROTPG/P/3/2022, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folla rexistral nº 72.

Con data do 20.01.2022 a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite certificación sobre a data de inscrición do instrumento de planeamento, que ten lugar o propio día 20.01.2022.

**Terceiro:** De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello de Lousame deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación puntual definitivamente, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento Urbanístico, aos efectos da súa entrada en vigor.

A dita publicación tivo lugar no BOP núm. 27 do 09.02.2022.

***Fundamentación Xurídica*:**

**Primeira:** Unha vez que entrou en vigor a modificación puntual núm. 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, cada vez que é preciso consultar e aplicar a normativa urbanística municipal, faise preciso examinar dous textos normativos:

- O Plan Xeral de Ordenación Municipal, na súa redacción orixinal.
- A modificación puntual núm. 1.

**Segundo:** O manexo dos dous textos normativos dificulta, tanto interna como externamente, esas accións de consulta e aplicación da normativa urbanística municipal, polo que se considera oportuno aprobar un texto que refunda a redacción orixinal do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións operadas tras a aprobación da modificación puntual núm. 1 do PXOM.



**Terceiro:** Unha vez redactado o texto refundido, o Arquitecto Municipal emite informe, en data de 21.03.2022, no que sinala:

*"Que a O DOCUMENTO REFUNDIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM do Concello de Lousame é conforme coa lexislación vixente e correspóndese fielmente co documento da aprobación publicado no BOP de data MÉRCORES, 9 DE FEBREIRO DE 2022 e co texto non modificado do PXOM sen modificar"*

En virtude da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, este Pleno Corporativo

**ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente o Texto Refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións operadas tras a entrada en vigor da modificación puntual núm. 1 do PXOM do Concello de Lousame. O dito texto refundido contense no documento técnico asinado polo Arquitecto Técnico Municipal o día 21.03.2022 e incorporado ao expediente electrónico 2019/X999/000145.

**Segundo:** Expoñer o dito texto refundido ao público durante un período de 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica. O documento técnico será publicado na sede electrónica municipal para a súa consulta por calquera interesado.

**Terceiro:** Se durante o período de información pública, non constase presentada ningún tipo de emenda ou observación, o acordo provisional será elevado a definitivo. No caso de existir emendas ou observacións, serán resoltas polo Pleno Corporativo, con carácter previo á aprobación definitiva.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Cuarto:** A aprobación definitiva do Texto Refundido, expresa ou tácita, será publicada no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal. A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Texto Refundido quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación".

## 7) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO COMO FILLO PREDILECTO DE LOUSAME A D. RAMÓN QUEIRO FILGUEIRA

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

*Asunto: Nomeamento de fillo predilecto do Concello de Lousame a Don Ramón Queiro Filgueira*
*Expediente: 2022/X998/000034*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

"O Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, segundo as competencias outorgadas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e segundo os seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

*Antecedentes Administrativos*:

Primeiro: O día 25.06.2021, con Rexistro de Entrada núm. 202199900000277, don Francisco Javier Expósito Paradela, solicita o nomeamento de Fillo Predilecto do Concello de Lousame a D. Ramón Queiro Filgueira.

Segundo: O Concello de Lousame, logo de tramitar o expediente para aprobación do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lousame, considera que na persoa de Don Ramón Queiro Filgueira danse as cualidades persoais e profesionais merecedoras de obter o título de Fillo Predilecto do Concello de Lousame.

Terceiro: Esas cualidades persoais e profesionais están explicitadas na Memoria da Alcaldía, de data de 31.03.2022, incorporada ao expediente administrativo.

*Fundamentación Xurídica:*

Primeiro: O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lousame permite outorgar, con carácter póstumo, o título de fillo predilecto que poderá recaer naquelas persoas nadas en Lousame polas súas destacadas cualidades persoais, méritos sinalados que os fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos veciños.

Segundo: Na Memoria da Alcaldía, de data de 31.03.2022, recóllense con profusión as citadas cualidades profesionais e méritos que conflúen na persoa de Don Ramón Queiro Filgueira, e que o fan merecedor de tal distinción.

Á vista do expediente tramitado, este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro:** Conceder, con carácter póstumo, o título de **fillo predilecto do Concello de Lousame** a **Don Ramón Queiro Filgueira**, polas súas destacadas cualidades persoais, méritos académicos e profesionais e singularmente, por ter levado o nome de Lousame alí por onde pasou, o que o fai merecedor do agradecemento e da gratitude dos veciños de Lousame.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** Redactar o título de fillo predilecto nun pergamiño no que constará o título, o nome e apelidos do designado, as razóns nas que se basea a súa concesión e a data do recoñecemento pola Corporación. Este título será asinado pola Alcaldía, en representación da Corporación.

**Terceiro:** Posteriormente, será convocada toda a Corporación para a celebración do acto solemne, que se levará a cabo no lugar que se estime idóneo, aos efectos de permitir a asistencia da cidadanía"

---

A Alcaldía da conta da Memoria Xustificativa que consta no expediente e onde se explican os motivos polos que se propón a concesión desta distinción:

"A Corporación do Concello de Lousame propón outorgarlle ao noso benquerido veciño Ramón Queiro Filgueira o título de Fillo Predilecto deste Concello como recoñecemento á súa brillante traxectoria profesional e persoal na que exerceu como embaixador de Lousame alá onde foi.

Gustaríanos destacar non a súa carreira profesional, brillante a todas luces, senón tamén a súa faceta persoal como home bo, familiar e afable, na que sempre tivo moi presente a súas raíces facendo gala delas e levando por bandeira a Galicia, resaltando en todo momento o seu especial apego o seu Lousame natal, ao que sempre regresaba para coller folgos.

Home de palabra, sinxelo e agradecido, amante do seu traballo e a quen o éxito non lle chegou por sorte, senón por toda unha vida de esforzo e constancia que adicou a súa vocación e grande paixón, a arquitectura.



E non podía ser menos despois de criarse neste Concello onde a pedra cobrou forma e con ela se levaron a cabo edificacións senlleiras, dende castros, como o de Comparada, ata pontes, como a de Berrimes, pasando por mosteiros como Toxosoutos ou as papeleiras. Non en balde no escudo do concello figuran dúas laxes, xerme e comezo de toda construción.

O seu tesón e capacidade fixeron que pronto comezara a despuntar.

A súa biografía é, como diría del Rafael Manzano, (primeiro mestre e logo compañeiro e amigo entrañable) un grandioso exemplo de superación.

*"Nacín – diría- nunha moi pequena aldea de Galicia, que se chama Meixonfrío na parroquia de Tállara. Por tanto, eu son unha persoa de aldea. Aquel núcleo tiña catorce veciños. Estudei nunha escola na que estabamos desde párvulos ata que se pasaba a traballar. Non era normal que estudase ninguén. Son un afortunado, porque cando cumprín dez anos crearon en Noia un instituto laboral marítimo-pesqueiro.*
*Tiven a fortuna de que Adelina, a miña mestra da aldea aconsellase aos meus pais que fose ao instituto. O normal era que eu, que fun premio extraordinario desa primeira promoción, seguise o camiño do mar. Pero non foi así."*

Rematada a súa primeira formación na escola rural de Vilar de Tállara, a fortuna fixo que coincidise coa fundación do Instituto Laboral de Noia, no que seguiu a súa formación, acadando nesta institución o Título de Bacharelato no ano 1959 formando parte da primeira promoción e obtendo a cualificación de Sobresaínte con Premio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A comezos do curso 59-60 deixa a aldea de Meixonfrío e marcha cara a capital, Madrid, para estudar Aparelladores, obtendo a titulación en xuño de 1964.

Mentres cursa estes estudos e compatibilizando os mesmos, ingresa por oposición na Escola Politécnica do Exercito e, tras realizar o correspondente curso de especialización, é promovido ao cargo de Alférez Proxectista.

Dende setembro de 1964 ata setembro de 1966 reside en Palma de Mallorca exercendo como deliniante proxectista no Rexemento Mixto de artillería nº 91 de Palma e como aparellador do Concello de Capdepera.

A finais de 1966 trasladase a Sevilla para estudar Arquitectura accedendo a dita titulación en 1972.

Dous anos antes (1970) comeza a súa colaboración co profesor arquitecto D. Rafael Manzano Martos o que lle permite a Don Ramón intervir na restauración dos mais importantes monumentos da Baixa Andalucía e consolidar definitivamente a súa vocación.

Para o curso 72 -73 concédeselle unha Beca na Academia Española de Belas Artes de Roma, realizando o Curso Internacional sobre a conservación e restauración dos monumentos nos centros históricos e, ao mesmo tempo, asiste á docencia de especialización na Facultade de Arquitectura, obtendo en 1976 o título de "Specializzazione per lo Studio ed il Restauro dei Monumenti"

Tras o ciclo italiano volta a España e incorpórase á docencia na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Sevilla compatibilizando co seu traballo como arquitecto colaborador da Dirección Xeral de Belas Artes, destacando neste período (73-79) as actuacións feitas no Conxunto monumental de Arcos, Castelo de Olvera, Murallas de Ronda, Tarifa e Estepa, así como nos conventos das Carmelitas de Utrera, na igrexa de San Martín e o convento Madre de Deus de Sevilla.

No ano 1979 abre despacho, de arquitectura "Estudo QUEIRO, arquitectos, deseñadores, construtores e pensadores de Sevilla" que opera nos campos da arquitectura, o urbanismo, a rehabilitación, a investigación e a docencia.
O exercicio privado da súa profesión, permítelle realizar os cursos Básico e Superior de Urbanismo (80-81) no Instituto de Desenrolo Rexional e da Dirección Xeral de Administración Local, obtendo o diploma de Técnico Urbanista.

Tamén realiza os cursos de Doutorado e de investigación, alcanzando o título de Doutor Arquitecto coa cualificación de Sobresaínte "Cum Laude" no ano 1984.

En 1987 e nomeado profesor titular de Urbanística e Ordenación do Territorio da Escola Técnica Superior de Arquitectura de Sevilla.

As obras mais destacables nas que participou nestes últimos anos foron, entre outras, a restauración do Pazo "Recreo das Cadenas" en Xerez, que foi



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

inaugurado por SS.MM os Reis de España en outubro de 1988 e en Sevilla a restauración e rehabilitación do antigo Pazo dos Duques de Arcos, do Convento dos Terceros e Pazo dos Ponce de León, (hoxe sede EMASESA), que obtivo o Premio "Hispania Nostra" en 1990.

Con Manzano coñeceu toda Andalucía percorréndoa desde Xaén a Cádiz e de Málaga a Huelva. Traballou en lugares tan privilexiados como é o Alcázar coincidindo con persoeiros como Alfonso Jiménez, e desenvolvendo toda a política de protección do patrimonio que facía o grandísimo director xeneral que foi don Florentino Pérez Embid".

Vemos unha brillante carreira, estudoso do seu oficio, deliniante, aparellador, conferenciante e destacado Arquitecto. Admírase sobre todo o seu extraordinario labor de restauración de edificios monumentais, onde exhibe, xunto ao seu exquisito respecto á integridade do monumento, o seu bo facer na modernización dos seus elementos esenciais.

Aí están, por citar só algúns dos seus logros aínda non citados, a restauración do Hospital de Venerables Sacerdotes, terminando o traballo que iniciou o gran Fernando Chueca Goitia, a restauración de Casa Palacio dos Pinelo, sede das Reais Academias de Belas Artes de Santa Isabel de Hungría, Medicina e Boas Letras.

Foi Catedrático de Urbanística e Ordenación do Territorio da Universidade de Sevilla, Presidente do Colexio de Arquitectos de Sevilla e do Consello Andaluz de Colexios de Arquitectos. Ingresou na Real Academia de Belas Artes de Santa Isabel de Hungría en 1995, ocupando a praza de Académico Numerario que ostentaran figuras tan destacadas como Galnares Sagastizábal e Juan Talavera.

O seu discurso de ingreso foi "Sevilla: Ordenanzas e Morfoloxía Urbana" e contestoulle o Académico Rafael Manzano Martos que lle saudou con estas palabras que hoxe son un testemuño de afecto que compartimos coa Academia: "Aquí temos, revestido das galas académicas, a un home que todo o gañou co seu esforzo, que nada lle foi dado gratis nin por herdanza nesta vida".

Exercendo a súa galeguidade colaborou con "Lar Gallego de Sevilla" dende a súa chegada a cidade, declarando Don R. Alfredo Otero, xerente de dita asociación:

*"Ramón estivo sempre disposto a colaborar cos responsables da dirección da nosa sociedade, demostrando a súa galeguidade e contaxiando ilusión e cariño pola súa querida terra. Lar Gallego ten que agradecerlle a súa inestimable axuda en todo o proceso de adquisición da nosa sede"*

A súa militancia como galego foi merecedora do premio "Anduriña de Plata" que lle foi entregado o 11.10.1995 en Sevilla en no que reza: "Don Ramón Queiro Filgueira, Arquitecto, Artista y gallego ilustre"

Durante toda a súa vida sentiuse orgulloso da súa aldea, a súa parroquia e o seu pobo levando o nome de Lousame alí por onde foi. Nunca perdeu a oportunidade de falar da súa orixe neste concello, do seu encanto e a súa



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

riqueza voltando á casa familiar todos os anos ata que logrou rematar a súa propia que levantou, como non podía ser doutra forma, no seu benquerido Meixonfrío".

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polo concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"O Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, segundo as competencias outorgadas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e segundo os seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

*Antecedentes Administrativos*:

Primeiro: O día 25.06.2021, con Rexistro de Entrada núm. 202199900000277, don Francisco Javier Expósito Paradela, solicita o nomeamento de Fillo Predilecto do Concello de Lousame a D. Ramón Queiro Filgueira.

Segundo: O Concello de Lousame, logo de tramitar o expediente para aprobación do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lousame, considera que na persoa de Don Ramón Queiro Filgueira danse as cualidades persoais e profesionais merecedoras de obter o título de Fillo Predilecto do Concello de Lousame.



Terceiro: Esas cualidades persoais e profesionais están explicitadas na Memoria da Alcaldía, de data de 31.03.2022, incorporada ao expediente administrativo.

*Fundamentación Xurídica:*

Primeiro: O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lousame permite outorgar, con carácter póstumo, o título de fillo predilecto que poderá recaer naquelas persoas nadas en Lousame polas súas destacadas cualidades persoais, méritos sinalados que os fagan merecentes do agradecemento e da gratitude dos veciños.

Segundo: Na Memoria da Alcaldía, de data de 31.03.2022, recóllense con profusión as citadas cualidades profesionais e méritos que conflúen na persoa de Don Ramón Queiro Filgueira, e que o fan merecedor de tal distinción.

Á vista do expediente tramitado, este Pleno Corporativo ACORDA:

**Primeiro:** Conceder, con carácter póstumo, o título de **fillo predilecto do Concello de Lousame** a **Don Ramón Queiro Filgueira**, polas súas destacadas cualidades persoais, méritos académicos e profesionais e singularmente, por ter levado o nome de Lousame alí por onde pasou, o que o fai merecedor do agradecemento e da gratitude dos veciños de Lousame.

**Segundo:** Redactar o título de fillo predilecto nun pergamiño no que constará o título, o nome e apelidos do designado, as razóns nas que se basea a súa concesión e a data do recoñecemento pola Corporación. Este título será asinado pola Alcaldía, en representación da Corporación.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**Terceiro:** Posteriormente, será convocada toda a Corporación para a celebración do acto solemne, que se levará a cabo no lugar que se estime idóneo, aos efectos de permitir a asistencia da cidadanía”

## 8) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE PORTO DO SON

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

“O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

*Primeiro:* Tal e como establece o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.

*Segundo:* Ante a ausencia de devandito instrumento no Concello, e sendo obrigada a súa existencia, dado o disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, considerouse necesario que este Concello elaborase a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización.

Para esta finalidade celebrouse un contrato menor de servizos, mediante Resolución da Alcaldía núm. 105 do 03.03.2020, sendo adxudicatario J&L TUDÓ CONSULTING, S.L., con CIF B70259510.

*Terceiro:* Unha vez elaborada a proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. En virtude deste negociación obrigatoria tiveron lugar as seguintes Mesas Xerais de Negociación:

- Mesa Xeral de Negociación, do día 15.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do “organigrama” e as “funcións” de cada un dos postos de traballo.

- Mesa Xeral de Negociación, do 26.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do cambio introducido no documento “funcións” e a “asignación de puntuacións” a cada un dos postos de traballo.

- Mesa Xeral de Negociación, do 16.12.2021, cuxo obxecto foi a negociación da “valoración económica” de cada un dos postos de traballo e o texto definitivo do documento técnico da RPT, e os prazos de aplicación das valoracións económicas de cada posto.

*Cuarto:* Finalizada a negociación obrigatoria coas organizacións sindicais, foi preciso dotar o crédito necesario para poder aplicar a RPT. Este crédito quedou dotado, para o exercicio 2022, no Orzamento definitivo deste exercicio, cuxa aprobación inicial tivo lugar o 04.03.2022. A aprobación inicial quedou elevada a definitiva ao non terse presentado alegacións durante o



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

período de información pública que finalizou o 29/03/2020. A aprobación definitiva foi publicada no BOP núm. 64 do 04/04/2022.

*Quinto:* Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

*Sexto:* Informe da Secretaría-Intervención núm. 58/2022 do 04/04/2022.

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego publico de Galicia e unha vez finalizada a negociación do documento técnico coas organizacións sindicais representativas, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, que consta no documento técnico incorporado ao expediente administrativo (coas retribucións referenciadas ao exercicio 2022).

**Segundo:** O expediente será sometido a información pública por un prazo non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio inxerido no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal, para que calquera interesado poida presentar as alegacións, reclamacións ou suxerencias que estime oportunas.

**Terceiro:** Se finalizado o período de información pública non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións, a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva. No caso contrario, a Relación de Postos de Traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolucións das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

**Cuarto:** Unha vez aprobada definitivamente, remitirase unha copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma dentro do prazo de 30 días. Do mesmo xeito, será publicada integramente no BOP." 

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polo concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

*Primeiro:* Tal e como establece o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.

*Segundo:* Ante a ausencia de devandito instrumento no Concello, e sendo obrigada a súa existencia, dado o disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Local, considerouse necesario que este Concello elaborase a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización.

Para esta finalidade celebrouse un contrato menor de servizos, mediante Resolución da Alcaldía núm. 105 do 03.03.2020, sendo adxudicatario J&L TUDÓ CONSULTING, S.L., con CIF B70259510.

*Terceiro:* Unha vez elaborada a proposta da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. En virtude deste negociación obrigatoria tiveron lugar as seguintes Mesas Xerais de Negociación:

- Mesa Xeral de Negociación, do día 15.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do “organigrama” e as “funcións” de cada un dos postos de traballo.

- Mesa Xeral de Negociación, do 26.11.2021, cuxo obxecto foi a negociación do cambio introducido no documento “funcións” e a “asignación de puntuacións” a cada un dos postos de traballo.

- Mesa Xeral de Negociación, do 16.12.2021, cuxo obxecto foi a negociación da “valoración económica” de cada un dos postos de traballo e o texto definitivo do documento técnico da RPT, e os prazos de aplicación das valoracións económicas de cada posto.

*Cuarto:* Finalizada a negociación obrigatoria coas organizacións sindicais, foi preciso dotar o crédito necesario para poder aplicar a RPT. Este crédito quedou dotado, para o exercicio 2022, no Orzamento definitivo deste exercicio, cuxa aprobación inicial tivo lugar o 04.03.2022. A aprobación inicial quedou elevada a definitiva ao non terse presentado alegacións durante o período de información pública que finalizou o 29/03/2020. A aprobación definitiva foi publicada no BOP núm. 64 do 04/04/2022.



*Quinto:* Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

*Sexto:* Informe da Secretaría-Intervención núm. 58/2022 do 04/04/2022.

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego publico de Galicia e unha vez finalizada a negociación do documento técnico coas organizacións sindicais representativas, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, que consta no documento técnico incorporado ao expediente administrativo (coas retribucións referenciadas ao exercicio 2022).

**Segundo:** O expediente será sometido a información pública por un prazo non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio inxerido no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal, para que calquera interesado poida presentar as alegacións, reclamacións ou suxerencias que estime oportunas.

**Terceiro:** Se finalizado o período de información pública non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións, a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva. No caso contrario, a Relación de Postos de Traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolucións das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas”

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Cuarto:** Unha vez aprobada definitivamente, remitirase unha copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma dentro do prazo de 30 días. Do mesmo xeito, será publicada integramente no BOP."

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos (21:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

| | |
|---|---|
| A ALCALDESA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
| Mª Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 10/04/2022 22:59:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 11/04/2022 10:30:00)
Versión imprimible
CVD: a+FCTRr5ZQwk8DXN5vjs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).